

PROGRAMA

ENCONTRO DE PROFESORADO DE ECONOMÍA E EMPRESA DE ENSINO MEDIO E SUPERIOR

Venres · 26. Xaneiro. 2018

Facultade de CC. Económicas e Empresariais
Avda. do Burgo s/n, 15782 Santiago de Compostela



+ info e inscricións

[http://50aniversarioestudioseconomiagalicia.gal/
encontro-co-profesorado-de-economia-e-
empresa-de-ensenanza-media/](http://50aniversarioestudioseconomiagalicia.gal/encontro-co-profesorado-de-economia-e-empresa-de-ensenanza-media/)

* ANTECEDENTES E OBXECTIVOS DO ENCONTRO

O sistema educativo ten experimentado continuos e profundos cambios durante os últimos anos. A implantación e futuro da LOMCE, o fin das Probas de Acceso á Universidade (PAU) e a aparición da EBAU, traen consigo cuestións de relevancia no ensino que afectan ao labor docente nas distintas etapas educativas, tanto no ensino medio en xeral e nas materias de economía en particular, como na formación universitaria, na medida que repercute no nivel de coñecementos que traen os estudantes de novo ingreso nas titulacións relacionadas coa Economía e a Xestión de Empresas.

Doutra banda, a implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, que supuxo a adaptación das titulacións universitarias ao plan Bolonia, trouxo consigo novas metodoloxías de estudo-aprendizaxe e sistemas de avaliación continua, que obrigaron ao profesorado universitario a unha reformulación das programacións académicas, o que tamén afecta ao profesorado de ensino medio na medida en que repercute na súa docencia.

Adicionalmente, existen programas e recursos na área de Economía e empresa que poden axudar aos docentes na súa tarefa e incentivar ao alumnado na súa preparación, como é a Olimpíada Nacional de Economía, proba que conta xa co recoñecemento oficial por parte do Ministerio de Educación Cultura e Deporte, e que celebra una fase local en Galicia desde hai xa oito anos. Así mesmo, a Lei de Emprendemento sitúa a formación do espírito emprendedor e a difusión da cultura do emprendemento como un alicerce básico da formación dos mozos e mozas de hoxe en día, xa que o desenvolvemento de competencias e habilidades emprendedoras constitúe unha área de especial interese para o seu futuro laboral.

Por todo iso, a Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC quere crear un espazo de encontro entre docentes de ensino medio e universitario, unha xornada conxunta na que tratar aspectos de interese para ámbolos dous colectivos e na que poidamos compartir coñecementos e experiencias co obxecto de mellorar a formación do profesorado, a calidade da docencia e o fomento dos estudos de Economía e Empresa en Galicia.

Así mesmo, con esta xornada preténdese difundir e promover a participación dos estudantes de Bacharelato na fase galega da Olimpíada de Economía, que se celebra, xeralmente, a finais de marzo, e cuxa fase nacional celebrarase por primeira vez en Galicia. Concretamente, a **X edición da Olimpíada Española de Economía** terá lugar do 25 ao 27 de xuño de 2018, na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela.

 **COMITÉ ORGANIZADOR**

O pasado mes de xuño reuniuse un grupo de traballo formado por representantes do equipo decanal da Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC e de diversos centros de ensino medio de Santiago de Compostela, quedando constituído o Comité Organizador do Encontro polas seguintes persoas:

Por parte do **ensino universitario**

- **Emilia Vázquez**
Decana Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC
- **Begoña Barreiro**
Decana Facultade de Administración de Empresas do campus de Lugo, USC.
- **Anxo Calvo**
Decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade da Coruña.
- **Santiago Gómez**
Decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo.
- **Elena Rivo**
Decana Facultade de CC. Económicas e Empresariais do campus de Ourense, da Universidade de Vigo.
- **Loreto Fernández**
Vicedecana de Innovación e Relacións coas Empresas e Institucións na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC
- **Luis Hervella Torrón**
Coordinador Programa A Ponte da USC

Por parte do **ensino secundario**

- **Javier Benito Torres**
IES A Pontepedriña, Santiago de Compostela
- **Mª Dolores do Campo**
IES Rosalía de Castro, Santiago de Compostela
- **Javier González Álvarez**
Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria (AGAEDES).
- **Socorro López Ulloa**
IES Eduardo Pondal, Santiago de Compostela
- **María Oubiña**
CPR Compañía de María, Santiago de Compostela
- **Alberto Pérez César**
CPR Manuel Peleteiro, Santiago de Compostela
- **Magdalena Pérez**
CPR La Salle, Santiago de Compostela

Dirixido a:

Profesorado das áreas de Economía e Empresa dos centros de Ensino secundario de Galicia e profesorado das Facultades de Economía e Administración de Empresas e afíns das tres Universidades galegas.

Outra información:

A xornada non ten custe para os asistentes. Ofrecerase a posibilidade de anotarse a unha comida de traballo de custe reducido. Entregarase certificado de participación as persoas asistentes que o soliciten.

* AVANCE DE PROGRAMA

9:00 h Acollida dos participantes e entrega de documentación

9.30 h **Inauguración**

Coa presenza de: Reitor da USC, Decana da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, Coordinador programa A Ponte da USC, Director Xeral de Ensino Medio, Secretario Xeral de Universidades da Xunta de Galicia.

10.00 h Conferencia: **O reto do ensino de Economía coa LOMCE.**

José Sande

Profesor de Economía no IES Gil y Carrasco de Ponferrada, e profesor de Economía da Empresa na Universitat Oberta de Catalunya.

11.00 h Pausa-café

11.30 h **Sesión de traballo MESA 1**
As competencias dos futuros profesionais da Economía.

Modera: *Loreto Fernández*



As novas formas de organización das empresas e súa función na Economía actual

Economía Social e cooperativismo, Economía Circular, Economía verde, Economía sostible, modelos alternativos de banca (banca ética) e de financiamento empresarial (micromecenazgo, financiamento colectivo), o papel da RSE na estratexia empresarial

Relator: *Rafael Álvaro Millán Calenti*



As novas profesións no contexto da Economía Dixital. Implicacións na xestión empresarial.

As profesións que poden desaparecer e outras que xurdirán como consecuencia da Economía dixital e que implicacións ten na xestión empresarial. Darase un enfoque do que os alumnos de hoxe se van a atopar no futuro mercado laboral, de xeito que poida servir ao profesorado para orientalos de cara ao que está por vir.

Relator: *José Ramón Porto*

13.00 h **Sesión de traballo MESA 2**
O aprendizaxe en Economía mais alá das aulas: Experiencias.



Aprendizaxe a través dun simulador empresarial: Young Business Talents.

Javier Benito Torres (IES A Pontepedriña) e *M. Socorro López Ulloa* (IES Eduardo Pondal)



Proxecto piloto de colaboración entre ensino medio e superior. Ciclo sobre Bolsa e mercados financeiros.

Alberto Pérez César e *Benjamín López Castro* (Colexio Manuel Peleteiro)

14.00 h Pausa-comida

16.00 h Sesión de traballo MESA 3
O modelo de ensino de Economía e a súa utilidade no futuro da mocidade.

Modera: *Luis Hervella*



Educación financeira para a mellora da calidade de vida dos cidadáns

Que modelo de educación financeira melloraría a calidade de vida dos cidadáns e xeraría maior beneficio social a longo prazo? Que significa a educación financeira baseada nos hábitos e comportamentos? Que nos pode achegar o ámbito das finanzas conductuales á hora de elixir os modelos de educación financeira no ensino medio e superior?

Relator: *Dositeo Amoedo*



Economía, Economía da empresa e probas de acceso á Universidade: unha reflexión sobre os procesos de formación e avaliación.

En que medida os contidos curriculares das materias de Economía e de Economía da Empresa contribúen á consecución dos obxectivos fixados para as mesmas? Ata que punto a avaliación nas probas de acceso á universidade condiciona a orientación formativa e a metodoloxía docente?

Relator: *José Manuel Sánchez Santos*

18.00 h **Presentación da Olimpíada de Economía:** fase galega e fase nacional.

Emilia Vázquez

Decana da Facultade de CC.EE. da USC

Elena Rivo

Decana da Facultade de CC.EE. da U.de Vigo
(institución organizadora da Fase galega da Olimpíada 2018)

Mari Luz Marco

Presidenta da Asociación Olimpíada Española de Economía

18.30 h **Clausura do Encontro**

✱ BREVE RESEÑA DOS RELATORES

**José Sande**

É desde fai vinte anos profesor de secundaria da especialidade de Economía no IES Gil y Carrasco de Ponferrada (León) e profesor colaborador da UOC de Economía da Empresa desde fai dezaoito anos. Os seus materiais didácticos gratuítos (librosdetextogratis.com) utilízanse en gran parte dos institutos españois e a súa serie de 6 cómics divulgativos sobre educación financeira foron editados en China (e en chino), con mais de 30.00 exemplares vendidos no país asiático.

**Rafael Millan Calenti**

Doutor en Dereito. Profesor de Dereito Mercantil na Universidade de Santiago de Compostela. Profesor de varios posgraos e Master. Secretario do Centro de Estudos Cooperativos da USC, desde a súa fundación en 2002 e Director desde 2015. Letrado da Xunta de Galicia.


Diversas publicacións sobre Empresa e Economía Social, protección de datos, protección alimentaria e biotecnoloxía, e capacidade do menor

**José Ramón Porto Pedrido**

Profesor de marketing da USC. Profesor e Coordinador do Máster de Marketing Dixital da USC. Profesor colaborador na University College Dublin. Profesor colaborador no MBA da Escola de Negocios A Fundación. Director xeral de Pe-marketing. Ex Director de marketing de Microsoft.

**Dositeo Amoedo**

Analista Financeiro, membro do Instituto Español de Analistas Financeiros (IEAF) en Galicia. Profesor do Máster de Banca, Finanzas e Seguros da USC e Presidente da Asociación de Educadores e Planificadores Financeiros (AEPF).

**José Manuel Sánchez Santos**

Doutor en Economía pola UDC. Profesor Titular do Departamento de Economía da UDC. Director do grupo de traballo de Economía da Empresa para as probas EBAU. Presidente da comisión de avaliación de Economía da empresa nas probas EBAU

**Alberto Pérez César**

Profesor de Economía e Xefe do departamento de Economía no Colexio M. Peleteiro. Licenciado en CC. Empresariais pola USC. Autor do libro de texto "Economía da Empresa" de 2º de bacharelato. Docente en distintos niveis educativos e formativos: bacharelato, formación profesional, formación ocupacional e formación continua.



Benjamín López Castro

Profesor de Economía no Colexio M. Peleteiro.
Licenciado en Economía pola USC. Máster en Administración Financeira e Tributaria pola USC.
Emprendedor no mundo dos servizos a empresas e particulares.



Javier Benito Torres

Licenciado en Ciencias Empresariais e en Economía. Profesor de ensino secundario coas especialidades de Economía, Administración de empresas e Organización e xestión comercial. Na actualidade exerce como profesor titular no IES Pontepedriña de Santiago de Compostela.



María Socorro López Ulloa

Licenciada en Ciencias Económicas pola USC. Profesora de ensino secundario coas especialidades de Economía, Administración de empresas e Organización e xestión comercial. Na actualidade exerce como profesora titular no IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela.